

nin en domingos ou festivos, teñan condicións especiais na súa xornada.

A comisión paritaria acorda que para os traballadores que presten os seus servizos de luns a venres e non perciban ningún complemento polos conceptos de domingos, festivos e nocturnos, a súa xornada será de 1.776 horas para o ano 2009 e de 1.751 horas para os anos 2010 e 2011.

A xornada establecida para o ano 2009 computarase a partir do 1 de xuño de 2009.

***Artigo 7:**

Estudar a posibilidade de implantar sistemas de incentivos á produtividade.

As partes comprométense a estudar a posibilidade de implantar sistemas de incentivos á produtividade e presentar aquelas propostas que xulguen oportunas para a súa posterior análise por esta comisión paritaria, sen prexuízo de que as partes intercambien as súas propostas para o seu estudo antes do seu tratamento pola comisión.

Publicación táboas salariais 2009:

Por último, a comisión paritaria acorda remitir a *Caser* e *Caixanova* a composición da comisión de control do plan de pensións, que é, segundo o artigo 27 do vixente convenio colectivo, a seguinte:

Pedro Pablo López Fernández (presidente).

Antonio Gómez Vila (presidente suplente).

Fernando Ruiz Posse (secretario).

Juan Carballido Engroba (secretario suplente).

E non tendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13.00 horas do día sinalado no encabezamento, e redáctase para o efecto esta acta que asinan todos os asistentes.

ANEXO

Táboas salariais 2009

| Categorías | Salarios | | | | Prezo hora |
|---------------------------|-------------|--------------------|--------------------|--------------------|------------|
| | Bruto anual | Mensual (15 pagas) | Mensual (14 pagas) | Mensual (12 pagas) | |
| Xefe administrativo | 18.800,52 € | 1.253,37 € | 1.342,89 € | 1.566,71 € | 10,44 € |
| Oficial 1º administrativo | 15.181,42 € | 1.012,09 € | 1.084,39 € | 1.265,12 € | 8,43 € |
| Oficial 2º administrativo | 14.308,34 € | 953,89 € | 1.022,02 € | 1.192,36 € | 7,95 € |
| Auxiliar administrativo | 13.288,02 € | 885,87 € | 949,14 € | 1.107,34 € | 7,38 € |
| Funerario 1º | 15.181,42 € | 1.012,09 € | 1.084,39 € | 1.265,12 € | 8,43 € |
| Funerario 2º | 13.288,02 € | 885,87 € | 949,14 € | 1.107,34 € | 7,38 € |
| Funerario 3º | 12.357,85 € | 823,86 € | 882,70 € | 1.029,82 € | 6,87 € |
| Azafata | 13.288,02 € | 885,87 € | 949,14 € | 1.107,34 € | 7,38 € |
| Mantemento e limpeza | 12.357,85 € | 823,86 € | 882,70 € | 1.029,82 € | 6,87 € |

Resolución do 10 de xullo de 2009, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se dispón o rexistro, o depósito e a publicación, no Diario Oficial de Galicia, do acordo da comisión paritaria do convenio colectivo de ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia para o sector de perrucarías de donas, cabaleiros, unisex e beleza, polo que se aproba a táboa salarial para o ano 2009.

Visto o acordo subscrito o 3 de xuño de 2009 pola comisión paritaria do convenio colectivo de ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia para o sector de perrucarías de donas, cabaleiros, unisex e beleza, polo que se aproba a táboa salarial para o ano 2009, e de conformidade co disposto no artigo 90.2º e 3º do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, e no Real decreto 1040/1981, do 22 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos de traballo.

A Dirección Xeral de Relacións Laborais,

ACORDA:

Primeiro.-Ordenar a inscrición do dito acordo no rexistro xeral de convenios desta dirección xeral.

Segundo.-Remitir o texto orixinal ao correspondente servizo deste centro directivo.

Terceiro.-Dispor a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 10 de xullo de 2009.

Odilo Martiñá Rodríguez

Director xeral de Relacións Laborais

Acta da comisión paritaria do convenio colectivo da Comunidade Autónoma de Galicia para perrucarías de donas, cabaleiros, unisex e beleza de Galicia 2007-2010

En Ourense, ás 10.00 horas do día 3 de xuño de 2009, reúnenos nos locais da CEO, sitios na praza das Damas, número un, a representación sindical e empresarial do convenio colectivo da Comunidade Autónoma de Galicia para perrucarías de donas, cabaleiros, unisex e beleza, formada polas persoas que se citan á marxe.

Pola parte empresarial: a Federación de Empresarios de Peluquería y Estética de Galicia (Fepega): Antonio Peiteado Iglesias, Camilo Sotelo Barroso. Asesora: María de Miguel.

Pola parte social: por UGT: Rogelio Cibeira Fernández.

Iniciada a sesión, adóptase o seguinte acordo:

Actualizar a táboa salarial para o terceiro ano de vixencia do convenio, conforme o establecido no artigo 22. Constatado que o IPC real de 2008 foi o 1,4%, procede aplicar ao salario esta porcentaxe

incrementada no 0,50%, do que resulta a seguinte táboa salarial para 2009:

| | |
|-------------------------------------|-----------|
| *Grupo profesional I | Salarios |
| Recepcionista | |
| Telefonista | 640,14 € |
| Ordenanza | |
| *Grupo profesional II | |
| Oficial 2ª e oficial administrativo | |
| Oficial 3ª | |
| Axudante | |
| Masaxista | |
| Manicura, pedicura, depilación | 672, 14 € |
| Esteticista | |
| Caixeira | |
| Vendedores | |
| *Grupo profesional III | |
| Oficial 1ª | |
| Encargada de salón | 704, 15 € |

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 10.45 horas no lugar expresado no encabezamento.

CONSELLERÍA DO MAR

Orde do 14 de xullo de 2009 pola que se prorroga a intervención administrativa da Confraría de Pescadores de Sada.

Mediante o Decreto 2/2009, do 8 de xaneiro (DOG nº 7, do 12 de xaneiro) foi acordada, por un período de seis meses, a intervención administrativa da Confraría de Pescadores de Sada ao abeiro do disposto polo artigo 64 do Decreto 261/2002, do 30 de xullo, polo que se aproban as normas reguladoras das confrarías de pescadores e as súas federacións.

O seu artigo 4 dispón que se rematado o prazo de seis meses non estivese restablecida a situación económica da confraría, este poderá ser prorrogado por un período de igual duración, mediante orde da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, logo de informe motivado do interventor.

O informe do interventor, do 1 de xullo de 2009, reflicte unha situación económico-financeira de insolvencia patrimonial. Refire, nas súas conclusións, que a confraría se atopa nunha situación de insolvencia económica e financeira ao carecer de liquidez para facer fronte ás débedas vencidas e non xerar os recursos necesarios para cubrir os gastos fixos de explotación, sen que se dean, por tanto, as condicións necesarias para que a confraría realice a súa actividade económica con normalidade. Do citado informe conclúese que non se dan as condicións para finalizar o proceso de intervención administrativa da confraría. O propio interventor solicita expresamente a súa prórroga.

Polo tanto, no uso das facultades que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

Artigo único.-Prorrogar por un período de seis meses a intervención administrativa da Confraría de Pescadores de Sada decretada o día 8 de xaneiro de 2009.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 14 de xullo de 2009.

Rosa M. Quintana Carballo
Conselleira do Mar

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE SANIDADE

Corrección de erros.-Orde do 9 de xullo de 2009 pola que se anuncia a convocatoria pública para a provisión dun posto de persoal directivo na Fundación Pública Centro de Transfusión de Galicia.

Primeiro.-Advertido erro no texto da dita orde, publicado no *Diario Oficial de Galicia* nº 139, do 17 de xullo de 2009, cómpre efectuar a oportuna corrección:

Na páxina 12.324, no anexo I, onde di: «titulación requirida: licenciado/a universitario/a ou título equivalente»; debe dicir: «titulación requirida: médico especialista en hematoloxía e hemoterapia».

Segundo.-As solicitudes para participar nesta convocatoria poderán presentarse no rexistro xeral da Consellería de Sanidade, no das súas delegacións provinciais ou en calquera das direccións provinciais do Servizo Galego de Saúde, ademais de nas oficinas previstas no artigo 38.4º da Lei 4/1999, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no prazo de quince días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación desta corrección no *Diario Oficial de Galicia*.

Os interesados deberán presentar, xunto co modelo de solicitude do anexo I, un *curriculum vitae* e xustificar mediante certificación ou copia compulsada os méritos que nel aleguen.

Santiago de Compostela, 27 de xullo de 2009.

Mª Pilar Farjas Abadía
Conselleira de Sanidade